



Milladoiro S.D.

2022

2º CAMPUS

de verán

www.milladoiro.s.d.com | #EuSonMilladoiro

CANDO:

Do 4 ao 29 de xullo

ONDE:

Campo de fútbol municipal do Milladoiro

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

www.milladoiro.s.d.com



Contido

1. OBXECTIVO.....	2
2. ACTIVIDADES.....	2
3. SEGURO DE ASISTENCIA MÉDICA	3
4. MERENDA.....	3
5. ORGANIZACIÓN.....	3
6. MEDIDAS DE HIXIENE.....	3
7. TARIFAS.....	4
8. INSCRICIÓN.....	4

1. OBXECTIVO

Este programa nace co fin de atender as necesidades que as familias do noso Concello puidesen presentar durante o período estival. Dende o Club, somos conscientes que no período no que os nenos e nenas gozan das súas vacacións escolares, algunhas das nosas familias poden ter dificultades no relativo á **conciliación da súa vida familiar e laboral**. Esta oferta constitúe unha alternativa para que os vosos fillos e fillas poidan gozar de actividades lúdico–deportivas que contribúan a diversificar a súa xornada diaria, nunha contorna segura e ao aire libre. Neste primeiro programa, centraremos a nosa actividade no mes de xullo, aínda que, está previsto que en próximas edicións arrinque a última semana de Xuño e finalice na primeira quincena de agosto.

2. ACTIVIDADES

As actividades para desenvolver estarán adaptadas á idade dos asistentes. Por unha banda, para as nenas e nenos **entre 4 e 11 anos potenciaremos as actividades lúdicas e residualmente as deportivas**. Serán actividades principalmente encamiñadas a potenciar o seu equilibrio, forza, habilidade, flexibilidade ou concentración. Estas actividades estarán mesturadas con xogos tradicionais.

Para as nenas e nenos **entre 12 e 16 anos desenvolveranse tanto actividades lúdicas como deportivas**. Actividades que fomenten a autoconfianza, a integración e a interacción social.

Todas as actividades estarán encamiñadas á aprendizaxe e a potenciación de aspectos tanto físicos como cognitivos, cun denominador común, a diversión.

As actividades serán levadas a cabo baixo a **supervisión de monitores titulados**. Estes monitores serán os encargados de deseñar, planificar, executar e desenvolver as actividades oportunas. O material necesario para a execución das devanditas actividades será proporcionado polo propio CLUB.



3. SEGURO DE ASISTENCIA MÉDICA



Todos os asistentes, independentemente do número de días que asistan, estarán cubertos durante todo o período do CAMPUS por un **SEGURO DE ASISTENCIA MÉDICA** contratado con **Allianz seguros** e que terá como centro médico de referencia **HM Rosaleda**, sen custo adicional, que lles permitirá recibir asistencia nos centros concertados pola compañía aseguradora.

4. MERENDA

O Club proporcionará aos asistentes auga necesaria, así como unha **merenda a media xornada** que irá variando (zumes, froita, leite, chocolatina, bocadillos...). O prezo da merenda proporcionada está incluída na cota que paguen os asistentes.

5. ORGANIZACIÓN

Este programa desenvolverase desde o **4 ao 29 de xullo**. Esta previsto que se desenvolva en **QUENDA DE MAÑÁ**: De luns a Venres, de 10.00 a 14.00 horas.

Programa MADRUGA E ALMORZA (desde as 8:00 a. m). Este programa estará dispoñible para os pais que así o demanden. O prezo para o usuario será de **3 euros diarios** aínda que terá que ser contratado por un período mínimo dunha semana. No devandito servizo proporcionarase un almuerzo saudable nas instalacións da cantina. Durante este servizo poderán gozar de contidos audiovisuais. Os usuarios poderán acceder ás instalacións a partir das 8:00 am.

*Ofrécese a **flexibilidade de poder anticipar ás 09:00h a entrada ao recinto**, e de igual xeito para retrasar a hora saída en 15 min.*

Todas as actividades serán desenvoltas **EXCLUSIVAMENTE nas instalacións do CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MILLADOIRO**, nun recito totalmente pechado que permite controlar o acceso tanto de entrada como de saída a calquera persoa.

6. MEDIDAS DE HIXIENE

Será **obrigatorio**:

- Lavado de mans con xel hidroalcohólico á entrada e saída do recinto.
- Desinfección do material para usar.
- A entrada realizarase pola porta dos vestiarios e a recollida polo portalón.



7. TARIFAS

Para o mes completo:

- Prezo Asistencia para xogador/a Tempada 21/22: **150 euros / xogad@r.**
- Prezo Asistencia Non xogador/a: **170 euros / asistente.**
- Prezo Madruga e almorza: **60 euros / asistente *** (prezo non bonificable)

Por Quincena:

- Prezo Asistencia para xogador/a Tempada 21/22: **85 euros / xogad@r.**
- Prezo Asistencia Non xogador/a: **95 euros / asistente.**
- Prezo Madruga e almorza: **30 euros / asistente *** (prezo non bonificable)

Por Semana:

- Prezo Asistencia para xogador/a Tempada 21/22: **45 euros / xogad@r.**
- Prezo Asistencia Non xogador/a: **50 euros / asistente.**
- Prezo Madruga e almorza: **15 euros / asistente *** (prezo non bonificable)

Para o caso de **familias numerosas**, Desconto do **30%** para o segundo/a fillo/a que se inscriba.

Como regra xeral o pago realizarase por tarxeta, mediante a app cluber.

8. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse mediante unha ligazón a este [formulario de Cluber](#) ou na nosa páxina **web oficial** www.milladoirosd.com a partires do 1 de xuño.

Considerando o aforo anotaranse exclusivamente por orde de inscrición e ata completar as prazas.

A efectos de control de aforo, será necesaria a inscrición do asistente cunha **antelación mínima de 24 horas.**

No caso de precisar mais información poden enviar whatsapp a Manuel (Presidente) 619 374 640 / Leo (Tesoureiro) 692 829 225.

**PREPÁRATE PARA A DIVERSIÓN E AS
SORPRESAS QUE VAI HABER!
ESPERÁMOSCHE!**